

En 4 anos o número de participantes multiplicouse por sete

MÁIS DE 189.900 ESCOLARES PARTICIPARON NA ESCOLA DE ALIMENTACIÓN DE EROSKI DURANTE O CURSO 2016-2017

- Case o 10% dos escolares de 2º e 3º ciclo de primaria de España, aos que se dirixe o programa, interveu na iniciativa
- O 20% dos centros escolares de Educación Primaria de España participou no programa dende o seu comezo no 2013
- A iniciativa busca sensibilizar os estudantes sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e un estilo de vida saudable
- Durante este curso incorporáronse obradoiros impartidos por cociñeiros do Basque Culinary Center, visitas a novos produtores agroalimentarios e novos soportes dixitais para facilitar a súa impartición
- Para o vindeiro curso está previsto un novo formato do concurso de debuxos de receitas saudables "Imagine Food"

Elorrio, 18 de xullo do 2017.- Máis de 189.900 escolares de toda España de 1.691 centros de Educación Primaria participaron na V edición do *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables* (PEAHS) que desenvolve a [Escola de Alimentación da Fundación EROSKI](#). Case o 10% dos escolares de 2º e 3º ciclo de Primaria de España, aos que se dirixe o programa, interveu na iniciativa durante o curso 2016-2017 que vén de rematar. Con respecto ao curso anterior, o número de escolares e mais o de escolas medrou notablemente, un 50% e un 30%, respectivamente. Estes datos confirman a valoración positiva do programa, que nos últimos catro anos multiplicou por sete o número de participantes.

As escolas inscritas no programa dende o seu comezo no 2013 supoñen o 20% dos centros escolares de Educación Primaria de toda España. *"O noso programa educativo ten como fin sensibilizar os nenos e nenas de Primaria e mais o seu contorno sobre a importancia de levar unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables para tratar de frear a crecente taxa de obesidade infantil cun programa á súa medida que lles ensina a comer san e a medrar fortes"*, sinalou o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa. *"No 2013 puxemos en marcha este programa e dende aquela participaron un total de 409.010 escolares de 2.821 escolas diferentes"*, detallou.

O programa configurouno un Comité Científico formado por profesionais de diferentes disciplinas: medicina e pediatría, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía. *"Año tras ano o programa medra e mellora os seus contidos a partir das*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

valoracións e achegas realizadas polos docentes que xa participaron", explicou o director da Fundación EROSKI.

Novo obradoiro en colaboración co Basque Culinary Center

O programa conta con dez sesións didácticas que se desenvolven na aula e que se completan con tres tipos de obradoiros prácticos. Os alumnos aprenden a realizar unha compra saudable nunha tenda EROSKI e teñen a oportunidade de visitar as instalacións dun produtor agroalimentario local, para coñeceren de primeira man a orixe dos alimentos.

Os contidos buscan formar o alumnado sobre os elementos básicos dunha alimentación equilibrada, hábitos de vida saudables, o coñecemento de produtos locais, as dietas de diferentes culturas do mundo e a sostibilidade do planeta. Unicef, WWF e a Fundación Española do Corazón son colaboradoras da Escola de Alimentación e elaboraron parte dos contidos do programa educativo.

Durante o curso 2016-2017 realizáronse máis de 1.160 obradoiros en 209 tendas EROSKI nos que participaron máis de 27.600 escolares. *"Este ano incorporamos como novidade un obradoiro en colaboración con cociñeiros do Basque Culinary Center no que os estudantes elaboraron un menú equilibrado e se converteron en chefs por un día. Tamén se uniron ao programa novos produtores agroalimentarios",* explicou Martínez Berriochoa.

De cara ao curso que vén, incorporaranse ao programa educativo novos contidos e actividades. *"Espallaremos os novos formatos de obradoiros do Chef da Clase e de visita a produtores locais de alimentos, e lanzaremos, cun novo formato, unha nova edición do concurso de debuxos de receitas saudables Imagine Food, que tanto éxito acadou nas súas dúas anteriores edicións",* adianta o director da Fundación EROSKI. As escolas interesadas en participar neste programa PEAHS durante o vindeiro curso 2017-2018 pódense inscribir a través de <https://www.escueladealimentacion.es/gl> ou do teléfono de atención 946 072 841.

Recoñecementos á promoción de hábitos saudables

A nota que lle outorgan ao Programa os profesores que participaron durante o curso escolar sitúase ano tras ano por riba de 9 sobre 10.

O programa formativo da Fundación EROSKI para promover unha alimentación máis saudable conta con numerosos recoñecementos, entre eles o Premio NAOS do Ministerio de Sanidade e Consumo e mais o Premio "O Chupete" pola calidade creativa deste programa e os valores que lle transmite ao público infantil.

Os últimos galardóns recibidos son o "Premio Cidadáns" na categoría de Saúde e Calidade de Vida, e o selo Gosasun, concedido pola Axencia de Innovación Vasca.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)